

Descuberto un novo biomarcador para detectar o risco de aparición e progresión do Queratocono

*Segundo as conclusións dun estudo publicado na revista **Ocular Immunology and Inflammation** realizado en colaboración entre o **Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo)** e o **Instituto de Investigación sanitaria de Santiago (IDIS)***

Os resultados abren a posibilidade á consecución dun tratamento para esta enfermidade da córnea, que evite o seu desenvolvemento e progresión

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018- A revista *Ocular Immunology and Inflammation*, de gran impacto dentro da especialidade, ven de publicar un artigo sobre un estudo clínico realizado en colaboración entre o **Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo)** e o **Instituto de Investigación sanitaria de Santiago (IDIS)** no que se determina un novo biomarcador para detectar o risco de aparición e progresión do Queratocono.

A importancia práctica deste estudo, liderado por Isabel Lema (INGO) e Tomás Sobrino (IDIS), propiciou xa a licenza destes resultados á empresa CORNEA PROYECT de Barcelona, que na actualidade está a desenvolver o prototipo e a fase comercial para levar este coñecemento á práctica clínica. Os resultados tamén abren a posibilidade á consecución dun tratamento médico para esta enfermidade que evite o seu desenvolvemento e progresión. Esta colaboración permitiu, unha vez máis, poñer en valor a investigación traslacional e a importancia do intercambio de coñecemento entre os investigadores básicos e clínicos, para que os resultados cheguen canto antes aos pacientes

Queratocono

O Queratocono é unha enfermidade progresiva da parte anterior do ollo, da córnea, que pode producir unha gran discapacidade visual. Esta enfermidade afecta a adultos novos, e ten gran impacto socio-sanitario. Na actualidade non ten tratamento médico e nos casos avanzados é necesario recorrer ao transplante corneal.

Estímase que uns 15.000 galegos presentan esta alteración corneal. A causa da enfermidade e o que condiciona a súa progresión aínda non está clara, nembargantes en varios estudos demostrouse a participación da inflamación. O obxectivo principal desta investigación foi demostrar que a inmunidade innata está implicada no inicio e progresión do queratocono. Para iso estudouse, en córnea e conxuntiva de pacientes coa enfermidade manifesta nun só ollo a expresión dos receptores toll- like-2 e 4.



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>

prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os resultados demostraron que estas moléculas están sobreexpresadas nos ollos con queratocono, especialmente naqueles que progresan, pero tamén nos ollos sen queratocono manifesto con respecto aos ollos sans. Isto convérteas nuns excelentes biomarcadores que permiten detectar o risco de aparición e de progresión do queratocono, cunha gran sensibilidade e especificidade.

Sobre o *IDIS*

O Instituto de *Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)* é un centro de investigación traslacional, de innovación e transferencia de coñecemento que favorece as sinerxias entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e a Universidade, ás que están vinculados 80 grupos e máis de 1.000 investigadores. Naceu en 2008 para poñer en valor o coñecemento aplicado e converteu a Galicia en referente internacional no campo da biomedicina. Foi o primeiro centro galego acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III en 2010 e a súa captación de fondos para a investigación creceu preto dun 300% desde entón. Lidera proxectos de investigación europeos desde o ámbito das neurociencias e a pediatría.

Saúdos



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>

prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54